

Referencia da Praza:	LA2408-X02-155-PI-NA-01
Tipo de Praza:	Profesorado de substitución
Área de Coñecemento:	Dereito internacional privado (A0155)
Departamento:	Dereito internacional privado (X02)
Sede actuación da comisión:	Campus remoto (Sala 1646)

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En Campus remoto (Sala 1646), o día 16 de xuño de 2025 constitúese a comisión arriba indicada coa asistencia de:

Presidente/a: Miguel Ángel Michinel Álvarez

Secretario/a: Laura Carballo Piñeiro

Vogal: Rafael Andrés Valázquez Pérez

Como membro con voz e sen voto, designado/a pola representación das e dos traballadores: Non houbo peticións

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Reunida a comisión correspondente, constituída polas persoas que se relacionan na Acta de Constitución acordouse por Unanimidade establecer os seguintes criterios de valoración, que complementarán o baremo (Anexo I) á hora de valorar e puntuar os méritos (en número máximo de 10) que presenten as persoas candidatas segundo o recollido no Anexo V:

Titulación(s) básica(s): Dereito

Titulación(s) afín(s): Ninguna

Área(s) Afín(s): Ninguna

1. TITULACIÓN / FORMACION ACADÉMICA

A puntuación dos subapartados correspondentes:

- ✓ No caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso, valorarase no seu valor máximo: 100%.
- ✓ No caso de titulacións e áreas afíns, valorarase ao 50%.
- ✓ No caso de titulacións/áreas non afíns, valorarase coa seguinte porcentaxe: 0 (cero) %.

- a) Expediente académico na Diplomatura/Licenciatura/Grao/Enxeñaría ou equivalente: nota media do expediente. A suma dos puntos (entre paréntese) acadados dividirase polo número total de convocatorias consumidas. Entenderase incluída aquí a titulación universitaria requirida para optar á praza.

Matrícula de Honra (4), Sobresaliente (3), Notable (2), Aprobado (1)

.....

- b) Premio Extraordinario de Licenciatura/Grao/Enxeñaría ou equivalente: 0,5 puntos

.....

- c) Expediente académico no Mestrado: nota media do expediente. A suma dos puntos (entre paréntese) acadados dividirase polo número total de convocatorias consumidas

Matrícula de Honra (4), Sobresaliente (3), Notable (2), Aprobado (1)

Só se valorarán másters específicos na área de coñecemento obxecto de concurso (Dereito internacional privado)

- d) Premio Extraordinario de Mestrado: 0,5 puntos

Só de másters na área de coñecemento

- e) Tese de Doutoramento
Sobresaliente “cum laude”(ou Apto “cum laude”) (4), Sobresaliente (3), Notable (ou Apto) (2), Aprobado. (1)
Só se valorarán teses na área de coñecemento (Dereito internacional privado).
- f) Premio Extraordinario de Doutoramento: 0,5 puntos
Só sobre teses na área de coñecemento
- g) Outros cursos de especialización: máx. 1 punto
Cursos de especialización en Dereito internacional privado (mínimo de 6 meses)
- h) Outros méritos académicos: máx. 1 punto
Só se valorarán outros méritos académicos relativos ao Dereito internacional privado

2. EXPERIENCIA DOCENTE

A puntuación dos subapartados correspondentes:

- ✓ No caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso, valorarase no seu valor máximo: 100%.
- ✓ No caso de titulacións e áreas afíns, valorarase ao 50%.
- ✓ No caso de titulacións/áreas non afíns, valorarase coa seguinte porcentaxe: 0 (cero) %.

Nos casos de docencia inferiores a un ano procederase ao rateo da puntuación.

- a) Docencia universitaria:
 - I. 1 punto por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo.
 - II. 0,5 punto por cada ano en réxime de dedicación a tempo parcial.Valorarase únicamente a experiencia docente na área obxecto de concurso (Dereito internacional privado). Non se considerarán outras áreas xurídicas nin se valorarán méritos vencellados a elas neste apartado. A actividade en Universidades públicas españolas terá a máxima puntuación (a metade en Universidades privadas e/ou estranxeiras). A actividade como profesor invitado en Universidades públicas españolas equipárase á docencia a tempo parcial. A actividade como tutor/a na UNED (e só en Dereito internacional privado) valorarase a 0,1 puntos por ano, ata un máximo de 20 anos. A actividade durante un cuadrimestre valorarase a metade que correspondería a un ano completo, non valorándose actividade docente inferior a esta.

- b) Docencia non universitaria:
- I. 0,250 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo (no caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional non se valorará neste apartado).
 - II. 0,125 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo parcial (no caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional non se valorará neste apartado).
- Exclusivamente relacionada co Dereito internacional privado, de duración igual o superior a un cuatrimestre
- c) Acreditación de formación pedagóxica regulamentada: ata 1 punto.
Valorarase exclusivamente o CAP ou o mestrado que o otorgue
- d) Cursos de formación docente recibidos: 0,2 puntos por cada 100 h de docencia recibida, ata o máximo de 1 punto
Valoraranse unicamente cursos de formación destinados á docencia universitaria
- e) Cursos de formación docente impartidos: 0,2 puntos por cada 20 h de docencia impartida, ata o máximo de 1 punto
Valoraranse unicamente cursos impartidos en Universidades
- f) Participación en proxectos de innovación docente: 0,2 puntos ata o máximo de 1 pto
Valoraránse unicamente os proxectos de innovación docente dotados de financiación externa acreditada

3. EXPERIENCIA LABORAL E INVESTIGADORA

Valorarase a experiencia laboral ou investigadora que se axuste ao perfil definido na convocatoria da praza.

- ✓ Calquera outra experiencia laboral ou investigadora relacionada coa área, valorarase coa seguinte porcentaxe: 0 (cero) %.
- ✓ Calquera outra experiencia laboral ou investigadora non relacionada coa área, valorarase coa seguinte porcentaxe: 0 (cero) %.

Nos casos de contratos a tempo parcial ou por períodos inferiores a un ano procederase ó rateo da puntuación.

- a) Actividade laboral que require título universitario: ata 0,5 puntos por ano. *(entenderanse aquí tamén incluídos os contratos de investigación, bolsas FPI/FPU ou equivalentes). A persoa candidata terá que demostrar de xeito fehaciente a relación da actividade laboral desempeñada coas materias da área da lista de agarda á que se presenta.*

A actividade laboral, para ser valorada, deberá corresponder ao perfil da praza, isto é, o Dereito internacional privado, entendendo que así sucede nas seguintes actividades (en todo caso, realizadas con titulación xurídica): A) persoal diplomático; B) persoal de organizacións, organismos ou tribunais internacionais ou da U.E. C) altos cargos, funcionarios/as ou persoal laboral con competencias en cooperación internacional ou en estranxeiría; D) eurodiputado/a. E) xestor/a acreditado de proxectos internacionais. Non se valorará a experiencia laboral xeneralista no eido xurídico, agás que se acredite fehacientemente que se trata dunha actividade remunerada, constante e especializada no eido do Dereito internacional privado (por exemplo, aportando sentenzas e/ou laudos arbitrais que acrediten a labor desenvolvida como avogado, xuíz, fiscal, árbitro... en asuntos sobre Dereito internacional privado; en casos de asesoramento, negociación ou mediación, copia dos acordos acadados; en labores rexistrals ou notariais, copia de escrituras ou documentos públicos; etc...).

- b) Actividade laboral que non require título universitario: ata 0,05 puntos por ano. A persoa candidata terá que demostrar de xeito fehaciente a relación da actividade laboral desempeñada coas materias da área da lista de agarda á que se presenta.

Non se valorará, dado que calquera actividade laboral relacionada coa área de coñecemento require, como mínimo, un título univariario de grao en Dereito

- c) Publicacións investigadoras: a persoa candidata elixirá a publicación de maior relevancia que poderá ser valorada con un máximo de ata 1 punto.

Únicamente se valorarán as relativas ao Dereito internacional privado

- d) Proxectos de investigación: a persoa candidata elixirá o proxecto de maior relevancia que poderá ser valorado con un máximo de ata 1 punto.

Únicamente se valorarán os relativos ao Dereito internacional privado

- e) Outros méritos (bolsas de colaboración, estadias de investigación, actividades de investigación ou transferencia, cursos de investigación recibidos, etc.): ata 1 punto.

Únicamente se valorarán os relativos ao Dereito internacional privado

OBSERVACIÓNS ADICIONAIS

A comisión calificará a relación dos méritos co perfil da praza a concurso e/ou da área de coñecemento (Dereito internacional privado), excluindo da valoración os méritos que non se inclúan no dito perfil e/ou área, segundo o indicado no baremo. Para poder superar o proceso selectivo é necesario obter un mínimo de 2,5 puntos en total, así como acreditar un título nivel C1 ou superior de inglés

Ourense, 16 de xuño de 2025.

Presidente /a
Asdo:
(voto)

Secretario / a
Asdo:

Vogal
Asdo:

De ser o caso,
Rep. Trab. (con voz e sen

Asdo: